



rede de bibliotecas públicas de galicia

# MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

## INDICE

|                                                                       |           |
|-----------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1. Presentación</b>                                                | <b>3</b>  |
| <b>2. Consideracións previas</b>                                      | <b>4</b>  |
| <b>2.1 As bibliotecas públicas de Galicia</b>                         | <b>4</b>  |
| <b>2.2 Marco lexislativo, normativa e planificación bibliotecaria</b> | <b>8</b>  |
| <b>2.3 Características territoriais e demográficas de Galicia</b>     | <b>11</b> |
| <b>2.4 Ferramentas de planificación bibliotecaria</b>                 | <b>13</b> |
| <b>3. Mapa de bibliotecas públicas de Galicia</b>                     | <b>14</b> |
| <b>3.1 Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014</b>              | <b>15</b> |
| <b>3.2 Estándares de bibliotecas de Galicia</b>                       | <b>18</b> |
| <b>3.3 Diagnose e propostas de actuacións por concellos</b>           | <b>24</b> |
| <b>4. Análise xeral de resultados</b>                                 | <b>30</b> |
| <b>5. Conclusións finais</b>                                          | <b>42</b> |
| <b>6. Bibliografía</b>                                                | <b>44</b> |

## ANEXOS

**Anexo I. Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014**

**Anexo II. Estándares de bibliotecas públicas de Galicia**

**Anexo III. Diagnose e propostas de actuacións por concellos**

## 1. PRESENTACIÓN

Para lle dar resposta á Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia<sup>1</sup>, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como órgano de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas presenta o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, no que se identifican os servizos bibliotecarios dispoñibles e as súas necesidades e no que se planifica o tipo de servizos que lle corresponderá a cada poboación conforme aos estándares internacionais e comunitarios.

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia ten por obxectivo mostrar a situación das bibliotecas públicas galegas por concellos, facer unha diagnose da mesma e achegar propostas de actuación que contribúan a un mellor servizo para a cidadanía.

O Mapa constitúe, polo tanto, unha ferramenta que permite establecer as necesidades de servizo bibliotecario de cada municipio a partir da comparación entre a situación das bibliotecas nun determinado territorio cos valores estipulados nos estándares aprobados polo Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia o 22 de decembro do 2014.

---

<sup>1</sup> Lei 5/2012, do 15 de xuño de bibliotecas de Galicia (DOG nº 122 de 27 de xuño de 2012).

## 2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

As bibliotecas públicas, tal e como indican as súas estatísticas de uso, están a prestar cada vez máis e mellores servizos, e o seu presente e futuro radica no grao de satisfacción dos seus usuarios e usuarias. Pero é igualmente certo que para que cumpran convenientemente coa súa función deben reunir unha serie de requisitos en canto a dimensións, servizos, coleccións e atención que cumpran criterios de calidade e suficiencia. De aquí a necesidade de planificar os servizos en función das necesidades de cada territorio ou comunidade, cunha valoración adecuada dos recursos que se necesitan para crear e manter no tempo o servizo de biblioteca pública e evitando a creación de equipamentos que non respondan ao concepto de biblioteca pública.

Para planificar en materia bibliotecaria hai que ter en conta:

- O modelo de biblioteca pública que se quere implantar e ofrecer á cidadanía.
- A lexislación e normativa internacional, estatal e autonómica.
- As características territoriais e demográficas de Galicia.
- As ferramentas de planificación bibliotecaria existentes que teñan en conta os equipamentos existentes.
- As actuacións a realizar e as prioridades que se establecen.

### 2.1 As bibliotecas públicas de Galicia

#### A. Lei de bibliotecas de Galicia

A Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia define o Sistema Galego de Bibliotecas como o conxunto de órganos, medios, redes e servizos bibliotecarios existentes en Galicia que,

mediante relacións de cooperación e coordinación, actúan en común para proporcionaren servizos bibliotecarios de calidade en beneficio da sociedade galega. Está integrado por:

- a) O órgano de dirección e coordinación do sistema
- b) Os órganos de cooperación, asesoramento e participación
- c) A Biblioteca de Galicia
- d) A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia
- e) As bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario e as bibliotecas especializadas
- f) As bibliotecas de titularidade privada que se integren na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da consellería competente en materia de bibliotecas

Unha das partes importantes que integran o Sistema Galego de Bibliotecas é, polo tanto, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Na lei citada abórdase a súa definición e estrutura, así como o réxime de prestación dos servizos bibliotecarios.

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública, estrutúrase en cinco tipos de bibliotecas:

- a) **Bibliotecas centrais territoriais:** prestaránlle servizos bibliotecarios integrais aos territorios de ámbito poboacional superior aos 50.000 habitantes no que están asentadas, e coordinarán e prestaránlle servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior.
- b) **Bibliotecas centrais municipais:** prestarán o servizo bibliotecario en municipios de máis de **20.000** habitantes.

- c) **Bibliotecas de proximidade:** coordinaran a súa actividade coa biblioteca central municipal correspondente.
- d) **Bibliotecas locais:** prestarán o servizo bibliotecario nunha área cunha poboación de entre **2.000 e 20.000** habitantes, e coordinaran a súa actividade coa biblioteca central territorial correspondente.
- e) **Servizos bibliotecarios móbiles:** os núcleos de menos de 2.000 habitantes poderán ser atendidos por servizos bibliotecarios móbiles, que dependen da biblioteca central territorial ou da biblioteca central municipal máis próxima, e teñen como finalidade ofrecer o servizo de lectura pública en zonas onde non haxa punto de servizo fixo.

A lei concreta na nosa realidade un novo modelo de biblioteca pública para Galicia como un servizo básico que ten como finalidade ofrecerlle á cidadanía, en condicións de igualdade, gratuidade e continuidade, o acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos.

Polo tanto, créase un concepto actualizado de biblioteca pública baseado no dereito de toda a cidadanía a acceder á información, á educación e á cultura no contexto da sociedade da información e do coñecemento, adecuada, ao mesmo tempo, aos principios e misións que promoven o Manifesto da UNESCO sobre a Biblioteca Pública<sup>2</sup> e as Directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas<sup>3</sup>.

En consecuencia, o modelo de biblioteca que se define na actual normativa de bibliotecas públicas de Galicia é froito do equilibrio e da relación dos seguintes eixes de intervención:

---

<sup>2</sup> Manifesto da UNESCO sobre a Biblioteca Pública, 1994. [S.I.]: UNESCO, [1997].

<sup>3</sup> IFLA. Directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas 2001. A Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas (IFLA) é o principal organismo internacional que representa os intereses dos usuarios, dos servizos bibliotecarios e de documentación. É o portavoz a nivel mundial dos profesionais das bibliotecas e a documentación. Fundouse en 1927 e na actualidade conta con máis de 1.500 membros de 150 países.

- A biblioteca como produtora, subministradora e democratizadora da información
- A biblioteca como espazo de formación e de desenvolvemento persoal
- A biblioteca como punto de encontro e espazo cultural de proximidade

Á súa vez, o desenvolvemento no contexto dixital da biblioteca pública permite ofrecer servizos bibliotecarios que adquiren unha nova dimensión. A biblioteca transcende as limitacións do tempo e do espazo e convértese así no centro facilitador do acceso igualitario á información e á cultura mediante a potenciación da interacción dos usuarios coa biblioteca.

#### B. Datos estatísticos da situación xeral das bibliotecas públicas de Galicia<sup>4</sup>:

|                                             |                  |
|---------------------------------------------|------------------|
| <b>Puntos de servizo bibliotecario</b>      | <b>391</b>       |
| Poboación atendida                          | 2.622.216        |
| Habitantes por punto de servizo             | 7.011            |
| <b>Colección total</b>                      | <b>5.619.567</b> |
| Documentos por habitante                    | 2,14             |
| Libros                                      | 5.051.794        |
| Documentos sonoros                          | 104.569          |
| Documentos audiovisuais                     | 211.854          |
| Outros documentos                           | 251.350          |
| Títulos de publicacións periódicas          | 22.541           |
| <b>Superficie total en m<sup>2</sup></b>    | <b>96.625</b>    |
| <b>Postos de lectura</b>                    | <b>18.320</b>    |
| Habitantes por posto de lectura             | 143,13           |
| <b>Ordenadores de uso público</b>           | <b>2.693</b>     |
| <b>Persoal equivalente a tempo completo</b> | <b>818,61</b>    |
| <b>Total usuarios</b>                       | <b>822.384</b>   |
| Porcentaxe de poboación usuaria             | 31,36            |
| Novos usuarios                              | 49.847           |

<sup>4</sup> Fonte: Estatística das bibliotecas públicas de Galicia 2013. Dispoñible en:  
<http://rbgalicia.xunta.gal/gl/estadisticas-e-informes>

|                                                               |                   |
|---------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>Número de visitas</b>                                      | <b>5.553.356</b>  |
| Visitas por habitante                                         | 2,12              |
| Visitas por usuario inscrito                                  | 6,75              |
| <b>Total préstamos</b>                                        | <b>2.498.699</b>  |
| Total préstamos por habitante                                 | 0,95              |
| Total préstamos por usuario                                   | 3,04              |
| <b>Consultas ao OPAC (catálogo de acceso público en liña)</b> | <b>21.604.011</b> |

## 2.2 Marco legislativo, normativa e planificación bibliotecaria

As bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través delas posibilitase o cumprimento do que establece a Constitución Española de 1978<sup>5</sup>, no seu artigo 44: os poderes públicos promoveran e tutelarán o acceso á cultura, á que todos/as teñen dereito.

O Estatuto de autonomía de Galicia<sup>6</sup> establece no seu artigo 32 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, e no artigo 27.18 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre as bibliotecas de interese da comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.28 da Constitución Española.

Para satisfacer estes mandatos constitucionais e estatutarios, tanto no ámbito estatal como autonómico apróbanse marcos normativos que regulan os servizos bibliotecarios e as políticas públicas en materia de bibliotecas, así como a planificación bibliotecaria que permita a organización efectiva dos servizos e o seu desenvolvemento equilibrado.

No ámbito estatal, a Lei 10/2007, de 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas<sup>7</sup>

---

<sup>5</sup> Constitución Española, 1978 (BOE nº 31, de 29 de decembro de 1978).

<sup>6</sup> Lei orgánica 1/1981 de 6 de abril de Estatuto de Autonomía de Galicia (DOG nº24 de 1 de outubro de 1981).

<sup>7</sup> Lei 10/2007, de 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas (BOE nº 150, do 23 de xuño de 2007).

sinala que “cada administración no ámbito das súas competencias promoverá un desenvolvemento equilibrado, coherente, progresivo, innovador e constante do conxunto de bibliotecas, sistemas, redes e consorcios existentes en España e fomentará a igualdade no acceso a un servizo público de biblioteca de calidade no conxunto do Estado para que non se produzan desigualdades entre os cidadáns das distintas zonas ou dos concellos con menor índice de poboación”.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia<sup>8</sup> recolle no artigo 36.3 que a Xunta de Galicia elaborará e publicará periodicamente o Mapa do sistema bibliotecario galego.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia define o e estrutura da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia que artella o sistema bibliotecario galego. No seu artigo 27 define o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia como o documento que serve como base para a concreción do diagnóstico, dos valores, dos obxectivos, das actuacións e das prioridades da acción pública en materia de servizos públicos bibliotecarios de Galicia. O Mapa establece:

- A responsabilidade de elaborar o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia correspóndelle ao órgano de dirección e coordinación do sistema. Nel describíranse os servizos bibliotecarios dispoñibles e as necesidades de lectura pública e planifícarase<sup>9</sup> o tipo de servizos que lle corresponderá a cada poboación conforme aos estándares internacionais e comunitarios.
- O Mapa será informado preceptivamente polo Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia. A súa aprobación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de bibliotecas, e deberá ser actualizado e publicado, polo menos, cada catro anos.

---

<sup>8</sup> Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2007).

- O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia e as súas sucesivas actualizacións deberanse remitir ao Parlamento de Galicia para o seu exame e valoración.

A través do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia identificaranse e proporanse criterios, obxectivos e prioridades que serán considerados e que lle poderán servir de base á consellería competente en materia de bibliotecas para realizar investimentos e outorgar axudas e subvencións, de maneira directa ou en réxime de concorrencia competitiva, en materia de bibliotecas.

Algunhas normas nacionais e internacionais tamén regulan a necesidade de desenvolver políticas de planificación bibliotecaria:

- O Manifesto sobre a Biblioteca Pública da UNESCO (1994) insta as administracións encargadas de desenvolver os servizos de biblioteca pública a que impulsen políticas de planificación bibliotecaria e que, mediante a lexislación oportuna e plans estratéxicos concibidos en relación co territorio, definan e promovan unha rede nacional de bibliotecas.
- O documento Sistemas Urbanos de Bibliotecas (2006)<sup>9</sup>, elaborado polo Ministerio de Cultura, recolle algúns principios sobre planificación, xestión e avaliación de sistemas e redes co obxectivo de acadar os mellores resultados na xestión dos recursos. Establécese nel un marco para a planificación coa definición dunha serie de ferramentas informativas que faciliten a tarefa de planificación e que son os estándares, os mapas e os plans.

---

<sup>9</sup> Sistemas Urbanos de Bibliotecas. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, 2005.

### 2.3 Características territoriais e demográficas de Galicia

A actual distribución espacial no territorio galego da poboación foi resultado de procesos emigratorios, tanto do século XIX e XX ao estranxeiro como a outras partes do Estado, de procesos de urbanización nos maiores núcleos galegos (o maior dinamismo demográfico concéntrase nas áreas metropolitanas) e de procesos de concentración poboacional nas entidades medianas.

Territorialmente, a poboación presenta unha alta concentración no eixo urbano comprendido entre as rexións urbanas da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, e as áreas urbanas de Lugo e Ourense. Deste xeito, as sete cidades galegas que superan os 50.000 habitantes supoñen un terzo da poboación de Galicia. Ademais, o atractivo desas cidades fai que boa parte dos concellos que superan os 20.000 habitantes sexan limítrofes ou moi próximos a aquelas cidades. Son os casos de Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros coa Coruña; Ames con Santiago; Narón con Ferrol; Marín con Pontevedra; e Redondela con Vigo.

Existen outros núcleos urbanos que actúan como entes demograficamente dinámicos nas provincias da Coruña e de Pontevedra e que superan os 20.000 habitantes. Son os casos de Carballo (31.283hab.), Ribeira (27.372hab.), Cangas (26.520 hab.), A Estrada (21.025 hab.), Lalín (20.005 hab.), Ponteareas (22.990 hab.) e Vilagarcía de Arousa (37.482 hab.).

Nas provincias de Lugo e de Ourense os núcleos máis habitados despois das capitais de provincias non chegan aos 20.000 habitantes. Son os casos do Barco de Valdeorras, O Carballiño, Verín, Xinzo de Limia, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba e Viveiro.

O resultado é que grandes zonas do interior (Lugo e Ourense) están cada vez máis despoboadas e que mesmo zonas costeiras da provincia da Coruña (Costa da Morte, rías de Cedeira e Ortigueira etc.) continúan a perder poboación.

Tal como acontecera no decenio anterior, Galicia ten un crecemento natural negativo, un avellentamento da estrutura demográfica e unha acentuación dos desequilibrios espaciais na distribución da poboación, ao continuar operando o éxodo rural na maioría dos concellos do interior e nalgúns da costa.

| Concellos / poboación | A Coruña  | Lugo      | Ourense   | Pontevedra | Galicia    |
|-----------------------|-----------|-----------|-----------|------------|------------|
| < 2.000 hab.          | 14        | 27        | 63        | 5          | 109        |
| 2.000 e <10.000 hab.  | 58        | 35        | 23        | 33         | 149        |
| 10.000 e <20.000 hab. | 10        | 4         | 5         | 15         | 34         |
| 20.000 e <30.000 hab. | 3         | 0         | 0         | 6          | 9          |
| 30.000 e <50.000 hab. | 5         | 0         | 0         | 1          | 6          |
| + 50.000 hab.         | 3         | 1         | 1         | 2          | 7          |
| <b>Totais</b>         | <b>93</b> | <b>67</b> | <b>92</b> | <b>62</b>  | <b>314</b> |

Atendendo a esta realidade poboacional do territorio debe planificarse a estrutura da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e a definición dos estándares de bibliotecas públicas.

O primeiro nivel corresponderíalle ás sete áreas urbanas de Galicia, que contarían coas **bibliotecas centrais territoriais**, que prestarán servizo a áreas supramunicipais, con poboación superior aos 50.000 habitantes.

O seguinte nivel está formado polas pequenas cidades e vilas cunha poboación de 20.000 a 50.000 habitantes, onde prestarán servizos bibliotecarios as **bibliotecas centrais municipais**.

No último nivel estarían as áreas de poboación de menos de 20.000 habitantes, coas **bibliotecas locais**, que coordinarán a súa actividade coa biblioteca central territorial correspondente.

Completan a estrutura da rede as **bibliotecas de proximidade**, que prestarán servizo en redes urbanas con áreas de influencia que van desde os 10.000 ata os 40.000 habitantes.

## 2.4 Ferramentas de planificación bibliotecaria

Os instrumentos básicos de planificación bibliotecaria son os Estándares de bibliotecas públicas e o Mapa de bibliotecas públicas.

Os estándares establecen os recursos mínimos que deben ter os equipamentos bibliotecarios do sistema de lectura pública, segundo a dimensión e as características do municipio, para ofrecer un servizo de calidade.

O informe do Ministerio de Cultura sobre os sistemas urbanos de bibliotecas define os mapas bibliotecarios como “a radiografía xeográfica das bibliotecas dun territorio en relación á súa situación real e en relación a unha análise de necesidades básicas. Vincúlanse a estándares definidos cos que comparar os resultados da situación analizada e que serven de marco normativo de referencia sobre o que desenvolver programas e actuacións para a mellora dos servizos. Ao mesmo tempo achegan as bases para poder realizar estudos de programación e financiamento, o control e a avaliación de resultados, así como para establecer a estrutura da rede bibliotecaria territorial e establecer vías de cooperación entre distintas administracións. Adoitan incluír, ademais dos datos identificativos das bibliotecas, datos estruturais sobre o edificio, o equipamento, os recursos humanos, os servizos, os fondos, entre outros, e ata unha memoria económica”.


Os mapas permiten, partindo da situación bibliotecaria do territorio, detectar os déficits dos recursos tras a aplicación dos valores estipulados nos estándares e establecer as necesidades de servizos bibliotecarios de cada concello. Convértense, así, no marco de referencia básico das actuacións das administracións públicas responsables da prestación do servizo bibliotecario.

### 3. MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia é:

- Un instrumento que permite coñecer a realidade das bibliotecas de Galicia, o seu nivel de desenvolvemento e carencias, con datos obxectivos.
- Unha ferramenta de planificación, que permite coordinar os investimentos de diferentes administracións competentes en materia de bibliotecas e xerarquizar as actuacións.
- Unha guía que establece as propostas de actuación a executar en cada concello, de modo que estes dispoñan dos recursos necesarios para poder garantir un servizo de calidade e acorde ao que establecen os estándares.
- Un mecanismo para garantir un crecemento equilibrado dos equipamentos.
- Un modo de avaliación para comprobar a desviación respecto dos estándares vixentes das bibliotecas e das redes existentes en cada momento.

Para a elaboración do Mapa foi necesario como paso previo a publicación do Censo de bibliotecas públicas de Galicia e a creación dos Estándares de bibliotecas públicas de Galicia.



### 3.1 Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014

A recompilación e procesamento dos datos do censo constitúen a primeira acción do proceso de creación do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.

Tomando como guía o Censo de bibliotecas do 2009 e o Directorio de bibliotecas públicas de Galicia, que actualiza anualmente a Subdirección Xeral de Bibliotecas, esta elaborou o Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014, que recolle os datos correspondentes a 391 puntos de servizo bibliotecario.

O proceso de actualización levouse a cabo cos datos recollidos na Estatística de bibliotecas públicas 2013, que achega unha información completa e actualizada da realidade dos centros bibliotecarios da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. O persoal técnico bibliotecario do Servizo do Sistema de Bibliotecas realizou unha primeira comprobación e, posteriormente, unha corrección e depuración máis exhaustiva dos datos recibidos. Tratouse de comprobar que os datos fosen coherentes, tanto a nivel interno como con respecto a anos anteriores, a través do diálogo permanente con todas as bibliotecas.

Para a presentación do Censo e a súa publicación elaborouse unha ficha con datos de cada biblioteca estruturada en sete apartados:

- Identificación
- Territorio e poboación
- Edificio
- Colección
- Puntos de servizo, equipamento e tecnoloxía
- Persoal e horas de servizo
- Observacións

O Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014 foi presentado no Consello de

Cooperación Bibliotecaria de Galicia na súa xuntanza plenaria ordinaria do 15 de setembro de 2015.<sup>10</sup>

Tomando como base o Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014, as bibliotecas públicas de Galicia presentan a seguinte situación:

- Todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes contan con biblioteca pública, como establece a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local<sup>11</sup>.
- 257 municipios contan con servizo bibliotecario activo.
- 57 municipios carecen de servizo bibliotecario.
- As provincias da Coruña e de Pontevedra son as que contan cun maior número de puntos de servizo bibliotecario.

A continuación, a partir dos datos recollidos no Censo, preséntase a distribución dos puntos de servizo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia por provincias, por segmentos poboacionais e por concellos:

| <b>A CORUÑA</b>             |                        |                                |
|-----------------------------|------------------------|--------------------------------|
| <b>Segmento poboacional</b> | <b>Nº de concellos</b> | <b>Nº de puntos de servizo</b> |
| <b>&lt; 2.000</b>           | 14                     | 9                              |
| <b>2.000-3.000</b>          | 6                      | 9                              |
| <b>3.000-5.000</b>          | 20                     | 26                             |
| <b>5.000-10.000</b>         | 32                     | 49                             |
| <b>10.000-30.000</b>        | 13                     | 29                             |
| <b>&gt; 30.000</b>          | 8                      | 39                             |
| <b>Totais</b>               | <b>93</b>              | <b>161</b>                     |

<sup>10</sup> Pódese consultar no seguinte enderezo:

[http://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/adjuntos/censo\\_de\\_bibliotecas\\_publicas\\_de\\_galicia.pdf](http://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/adjuntos/censo_de_bibliotecas_publicas_de_galicia.pdf)

<sup>11</sup> Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE, nº 80, de 3 de abril de 1985).

Na provincia da Coruña contan con biblioteca pública 88 municipios e só 5 con poboación inferior a 5.000 habitantes carecen de servizo bibliotecario (Cerdido, Fisterra, Monfero, As Somozas e Vilarmaior).

| <b>LUGO</b>                 |                        |                          |
|-----------------------------|------------------------|--------------------------|
| <b>Segmento poboacional</b> | <b>Nº de concellos</b> | <b>Nº de bibliotecas</b> |
| <b>&lt; 2.000</b>           | 27                     | 15                       |
| <b>2.000-3.000</b>          | 13                     | 10                       |
| <b>3.000-5.000</b>          | 15                     | 15                       |
| <b>5.000-10.000</b>         | 7                      | 9                        |
| <b>10.000-30.000</b>        | 4                      | 6                        |
| <b>&gt; 30.000</b>          | 1                      | 2                        |
| <b>Totais</b>               | <b>67</b>              | <b>57</b>                |

Na provincia da Lugo contan con biblioteca pública 53 municipios e 14 con poboación inferior a 5.000 habitantes carecen de servizo bibliotecario (Begonte, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Guntín, O Incio, Negreira de Muñiz, O Páramo, Pedrafita do Cebreiro, Rábade, Ribeira de Pequín, Riotorto, Samos e Triacastela).

| <b>OURENSE</b>              |                        |                                |
|-----------------------------|------------------------|--------------------------------|
| <b>Segmento poboacional</b> | <b>Nº de concellos</b> | <b>Nº de puntos de servizo</b> |
| <b>&lt; 2.000</b>           | 62                     | 36                             |
| <b>2.000-3.000</b>          | 16                     | 14                             |
| <b>3.000-5.000</b>          | 4                      | 3                              |
| <b>5.000-10.000</b>         | 4                      | 4                              |
| <b>10.000-30.000</b>        | 5                      | 5                              |
| <b>&gt; 30.000</b>          | 1                      | 5                              |
| <b>Totais</b>               | <b>92</b>              | <b>67</b>                      |

Na provincia de Ourense contan con biblioteca pública 62 municipios e 30 con poboación inferior a 5.000 habitantes carecen de servizo bibliotecario (Amoeiro, Baños de Molgas, Beade, Boborás, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cualedro, Gomesende, O Irixo, Larouco, Laza, Lobeira, Maside, Melón, Montederramo, Padrenda, Petín, Pontedeva, Porqueira, Punxín, San Amaro, Taboadela, A Teixeira, Toén e Trasmiras).

| <b>PONTEVEDRA</b>           |                        |                                |
|-----------------------------|------------------------|--------------------------------|
| <b>Segmento poboacional</b> | <b>Nº de concellos</b> | <b>Nº de puntos de servizo</b> |
| <b>&lt; 2.000</b>           | 5                      | 3                              |
| <b>2.000-3.000</b>          | 6                      | 5                              |
| <b>3.000-5.000</b>          | 12                     | 14                             |
| <b>5.000-10.000</b>         | 14                     | 16                             |
| <b>10.000-30.000</b>        | 22                     | 52                             |
| <b>&gt; 30.000</b>          | 3                      | 12                             |
| <b>Totais</b>               | <b>62</b>              | <b>102</b>                     |

Na provincia de Pontevedra 58 municipios dispoñen de biblioteca pública e 4 con poboación inferior aos 5.000 habitantes carecen de servizo bibliotecario (Agolada, Dozón, Fornelos de Montes e Oia).

### 3.2 Estándares de bibliotecas públicas de Galicia 2014

Os estándares que se presentan son os primeiros que se elaboran tendo en conta especificamente o contexto sociocultural de Galicia. A súa aplicación, como elemento base para a planificación e a programación dos equipamentos, facilitará o proceso de mellora do conxunto da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia con respecto á situación actual.

Tomando en consideración a poboación do concello, defínense os criterios que deben alcanzar os recursos bibliotecarios para que as bibliotecas poidan ofrecer un servizo axeitado e de calidade. Así mesmo favorecen a optimización dos servizos que presta a biblioteca e axudan a que poida desenvolver os seus obxectivos nas mellores condicións posibles.

Ademais, son un instrumento que permite estimular o crecemento e a mellora da calidade da biblioteca, favorecendo así o logro da súa misión, e mostrar a necesidade de adaptación permanente ás circunstancias cambiantes dos concellos, para evitar caer nun concepto estático da biblioteca.

Son unha ferramenta de planificación bibliotecaria, xa que a partir dunha calidade mínima que a biblioteca debe garantir, permite avaliar o grao de adecuación actual dos recursos cos que se conta e establecer as bases dunha futura planificación.

Os criterios dos Estándares de bibliotecas públicas de Galicia establecéronse atendendo a dous principios básicos: a posibilidade da súa asunción polos titulares das bibliotecas e ao da suficiencia á hora de lograr un servizo de calidade e adaptado ás necesidades actuais.

De acordo coa diversidade do territorio existente e co diferente grao de desenvolvemento bibliotecario, establecéronse as seguintes categorías de recursos para estandarizar:

- Espazo
- Equipamento: PCs e puntos de lectura
- Fondo documental
- Persoal e horas semanais de servizos

Os tramos de poboación de referencia en que se subdividen os estándares establecéronse partindo da lexislación vixente e considerando unha distribución lóxica e equilibrada segundo o número de concellos incluídos en cada un deles. Buscouse a uniformidade entre os diferentes tramos e que fosen útiles e prácticos de aplicar posteriormente, que son os que seguen:

- 2.000 habitantes
- 3.000 habitantes
- 5.000 habitantes
- 10.000 habitantes
- 20.000 habitantes
- 30.000 habitantes

- 50.000 habitantes
- 100.000 habitantes
- 200.000 habitantes

Os Estándares de bibliotecas públicas de Galicia non establecen parámetros para as bibliotecas centrais territoriais nin para os servizos móbiles.

Os Estándares de biblioteca pública de Galicia preséntase no anexo II. Recóllese aquí un resumo por indicador desde os concellos de 2.000 habitantes en adiante.

#### Segmentos de estándares do indicador SUPERFICIE

| <u>Superficie nas bibliotecas locais e centrais</u> |       |       |
|-----------------------------------------------------|-------|-------|
| 2.000 \ 5.000 hab.                                  | 360   | 650   |
| 5.000 \ 10.000 hab.                                 | 650   | 975   |
| 10.000 \ 20.000 hab.                                | 975   | 1.430 |
| 20.000 \ 30.000 hab.                                | 1.430 | 1.950 |
| 30.000 \ 50.000 hab.                                | 1.950 | 2.600 |
| 50.000 \ 100.000 hab.                               | 2.600 | 3.250 |
| 100.000 \ 200.000 hab.                              | 3.250 | 5.070 |

### Segmentos de estándares do indicador FONDO

| <u>Distribución fondo nas bibliotecas locais e centrais</u> |        |         |
|-------------------------------------------------------------|--------|---------|
| <u>(nº de documentos)</u>                                   |        |         |
| 2.000 \ 5.000 hab.                                          | 5.000  | 10.000  |
| 5.000 \ 10.000 hab.                                         | 10.000 | 17.500  |
| 10.000 \ 20.000 hab.                                        | 17.500 | 30.000  |
| 20.000 \ 30.000 hab.                                        | 30.000 | 35.000  |
| 30.000 \ 50.000 hab.                                        | 35.000 | 50.000  |
| 50.000 \ 100.000 hab.                                       | 50.000 | 70.000  |
| 100.000 \ 200.000 hab.                                      | 70.000 | 120.000 |

### Segmentos de estándares do indicador EQUIPAMENTO

| <u>Distribución puntos de lectura nas bibliotecas locais e centrais</u> |     |     |
|-------------------------------------------------------------------------|-----|-----|
| 2.000 \ 5.000 hab.                                                      | 20  | 40  |
| 5.000 \ 10.000 hab.                                                     | 40  | 75  |
| 10.000 \ 20.000 hab.                                                    | 75  | 110 |
| 20.000 \ 30.000 hab.                                                    | 110 | 130 |
| 30.000 \ 50.000 hab.                                                    | 130 | 150 |
| 50.000 \ 100.000 hab.                                                   | 150 | 200 |
| 100.000 \ 200.000 hab.                                                  | 200 | 280 |



Segmentos de estándares do indicador PCs

Distribución PCs (número) nas bibliotecas locais e centrais

|                        |    |    |
|------------------------|----|----|
| 2.000 \ 5.000 hab.     | 7  | 16 |
| 5.000 \ 10.000 hab.    | 16 | 20 |
| 10.000 \ 20.000 hab.   | 20 | 25 |
| 20.000 \ 30.000 hab.   | 25 | 35 |
| 30.000 \ 50.000 hab.   | 35 | 40 |
| 50.000 \ 100.000 hab.  | 40 | 45 |
| 100.000 \ 200.000 hab. | 45 | 50 |

Segmentos de estándares do indicador HORAS DE SERVICIO

Horas de servizo nas bibliotecas locais e centrais

|                        |    |    |
|------------------------|----|----|
| 2.000 \ 5.000 hab.     | 20 | 25 |
| 5.000 \ 10.000 hab.    | 25 | 30 |
| 10.000 \ 20.000 hab.   | 30 | 35 |
| 20.000 \ 30.000 hab.   | 35 | 40 |
| 30.000 \ 50.000 hab.   | 40 | 40 |
| 50.000 \ 100.000 hab.  | 40 | 45 |
| 100.000 \ 200.000 hab. | 45 | 55 |



Segmentos de estándares do indicador PERSOAL

|                        |                                                                                                                          |
|------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2.000 / 5.000 hab.     | 1-2 auxiliares                                                                                                           |
| 5.000 / 10.000 hab.    | 1 director<br>1 auxiliar                                                                                                 |
| 10.000 / 20.000 hab.   | 1 director<br>3 auxiliares                                                                                               |
| 20.000 / 30.000 hab.   | 1 director<br>4 auxiliares                                                                                               |
| 30.000 / 50.000 hab.   | 1 director<br>4 auxiliares<br>1 axudante de servizo                                                                      |
| 50.000 / 100.000 hab.  | 1 director bibliotecario<br>2 bibliotecarios<br>6 auxiliares<br>1 axudante de servizo                                    |
| 100.000 / 200.000 hab. | 1 director bibliotecario<br>2 bibliotecarios<br>8 auxiliares<br>2 axudante de servizo                                    |
| + 200.000 hab.         | 1 director bibliotecario<br>1 subdirector bibliotecario<br>3 bibliotecarios<br>9 auxiliares<br>1 auxiliar administrativo |

### 3.3 Diagnose e propostas de actuación por concellos

No Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, atendendo ás peculiaridades demográficas da Comunidade Autónoma recóllense todos os concellos galegos con máis de 2.000 habitantes.

O Mapa abrangue tanto as bibliotecas de titularidade pública como as de titularidade privada e de uso xeral. Así mesmo, atende á tipoloxía establecida pola Lei 5/2012 recollida nos propios estándares, que distingue bibliotecas locais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas centrais territoriais.

Para a confección do Mapa, os datos referentes á situación das bibliotecas foron extraídos do Censo de bibliotecas públicas de Galicia 2014. Cómpre ter en conta que mentres que o Censo é o instrumento empregado para achegar a realidade concreta de cada biblioteca a través de múltiples ítems relativos aos recursos humanos, á colección, ao equipamento etc., o Mapa ofrece unha visión de conxunto da situación de cada concello que engloba a información relativa a:

#### **a) Os indicadores establecidos nos estándares:**

- Fondo

Número total de documentos que forman a colección da biblioteca aos que as persoas usuarias poden acceder.

- Equipamento: PCs públicos

Número de equipos informáticos de consulta e de traballo destinados aos usuarios da biblioteca. Inclúense equipos informáticos destinados a catálogo, ofimática, internet etc. Inclúense tamén ordenadores de espazos de formación/multimedia.

- Puntos de lectura

Número de postos á disposición dos usuarios para a lectura ou consulta na biblioteca con ou sen equipamento (informático, audiovisual etc.). Exclúense os asentos situados en áreas de acceso (vestíbulos), espazos polivalentes (salas de actos, auditorios ou espazos expositivos) e espazos pechados habilitados para a realización de actividades especiais (talleres, espazos de formación etc.). Exclúense tamén os postos que non dispoñan de asento, por exemplo, puntos de consulta do catálogo.

- Horas de apertura

Número total de horas que a biblioteca abre ao público por semana a data de 31 de decembro do ano anterior. Contabilízase o número de horas do horario habitual ou de inverno. Non se consideran períodos de horario reducido como os meses estivais ou vacacionais nin períodos de maior apertura como poderían ser, por exemplo, períodos de exames.

- Superficie

Comprende o espazo neto e proveitable de cada área de actividade sen ter en conta os espazos de circulación. É o resultado de detraer un 15 % á superficie útil ou un 30 % á superficie construída.

- Persoal bibliotecario

Técnicos bibliotecarios e auxiliares de biblioteca (queda excluído o persoal de apoio, axudantes de servizo e o persoal especializado). O recuento realízase por postos de traballo e o seu equivalente en xornadas laborais completas.

Dado que os recursos humanos constitúen un factor clave para o éxito da biblioteca pública, os estándares establecen a necesidade de que todos os concellos contan cunha dotación de persoal bibliotecario acorde co segmento poboacional ao que pertenza o

municipio. O Mapa proporciona deste xeito unha ferramenta para coñecer a situación do sistema de lectura pública neste aspecto primordial.

b) A diagnose por concellos.

A presentación da diagnose e propostas de actuación realízase a través dunha **ficha de diagnose** por concello (recompiladas no Anexo III).

A información contida nas fichas estrutúrase en tres apartados:

- Descrición da situación actual

A ficha de análise efectúase a nivel de concello. Recóllese a poboación censada e o número de bibliotecas existentes no concello segundo o Censo de bibliotecas de Galicia 2014.

A continuación, tomando de novo como base o Censo, descríbese a situación actual das bibliotecas do concello mediante a recolleita dos datos referidos aos indicadores de superficie, fondo, puntos de lectura , PCs públicos, horas de apertura e persoal.

Unha vez descrita a situación actual, procédese a establecer cales son os valores mínimos para cada un dos indicadores en cada un dos concellos, tendo en conta a súa poboación e aplicando o establecido para ese tramo de poboación nos Estándares de biblioteca pública de Galicia.

No caso dos concellos de poboación de máis de 30.000 habitantes, tivéronse en conta, ademais, os valores idóneos mínimos das bibliotecas de proximidade establecidos nos estándares.

Modelo de ficha:

|                        | VALOR ACTUAL | VALOR STANDAR MÍNIMO | GRAO DE ADECUACIÓN (%) |
|------------------------|--------------|----------------------|------------------------|
| PCs PÚBLICOS           |              |                      |                        |
| POSTOS DE LECTURA      |              |                      |                        |
| HORAS APERTURA SEMANAL |              |                      |                        |
| SUPERFICIE DE PROGRAMA |              |                      |                        |
| PERSONAL BIBLIOTECARIO |              |                      |                        |
| COLECCIÓN              |              |                      |                        |

▪ Grao de adecuación

Partindo da comparación da situación actual e o estándar que corresponde, ofrécese a diferenza en cada un dos indicadores, e calcúlase a porcentaxe de adecuación que ven representada por diferentes cores:

|                                 |              |                                                 |
|---------------------------------|--------------|-------------------------------------------------|
| <b>Porcentaxe de adecuación</b> | <b>BAIXA</b> | O valor está por debaixo do 50% de adecuación   |
| <b>Porcentaxe de adecuación</b> | <b>MEDIA</b> | O valor está entre o 50% e o 75 % de adecuación |
| <b>Porcentaxe de adecuación</b> | <b>ALTA</b>  | O valor supera o 75% de adecuación              |

- Proposta de actuación

Analizado o nivel de adecuación a que se chega nos diferentes indicadores, e en función do nivel acadado elabóranse as propostas de actuación, segundo o seguinte esquema:

|                                  |                                                                |                                                                                                            |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Nivel de adecuación alto</b>  | O indicador supera o 75% do establecido polo estándar          | Non se da proposta de actuación                                                                            |
| <b>Nivel de adecuación medio</b> | O indicador está entre o 50% e o 75% establecido polo estándar | Faise proposta de actuación para acadar a adecuación total                                                 |
| <b>Nivel de adecuación baixo</b> | O indicador está por debaixo do 50% establecido polo estándar  | Faise proposta de actuación para acadar unha adecuación media e proposta para acadar unha adecuación total |

No que atinxe á colección, o Mapa achega propostas de actuación para abordar o sobredimensionamento dos fondos cando o nivel de adecuación excede do 120 % do establecido nos estándares. Nestes casos, as recomendacións non teñen carácter cuantitativo xa que é preciso ter en conta determinadas circunstancias que explicarían por que se supera o 120 % de idoneidade e que poden estar relacionadas coa atención á dispersión poboacional, coa existencia de fondos patrimoniais ou de carácter local, bibliotecas que son receptoras do depósito legal etc. Estas propostas proporcionan, polo tanto, unha recomendación de carácter xeral orientada á necesidade de revisar unha posible obsolescencia dos contidos e formatos, duplicados etc. pero sempre tendo en conta as circunstancias especiais de cada biblioteca.

Finalmente, convén aclarar que nos casos excepcionais nos que non foi posible obter datos para algún dos ítems, non se introduciu ningún valor (deixouse en branco de xeito que o que se visualiza é un espazo baleiro) coa finalidade de que esta ausencia de información non incida nin desvirtúe o grao de adecuación nin as propostas de actuación subsecuentes.

A ficha de diagnose por concello pódese consultar no seguinte enderezo:

[http://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/adjuntos/mapa\\_de\\_bibliotecas\\_publicas\\_de\\_galicia\\_diagnose.pdf](http://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/adjuntos/mapa_de_bibliotecas_publicas_de_galicia_diagnose.pdf)

Así mesmo, cómpre ter en conta para a planificación bibliotecaria sobre o territorio o número de bibliotecas que debe ter cada concello partindo do establecido no documento Sistemas Urbanos de Bibliotecas e tendo como modelo os estándares que aparecen nas Directrices para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas 2001.

| <b>PROPOSTA DE BIBLIOTECAS POR TRAMO DE POBOACIÓN</b> |                                                             |
|-------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------|
| 5.000 / 20.000 habitantes                             | 1 Biblioteca local                                          |
| 20.000 / 30.000 habitantes                            | 1 Biblioteca central<br>0-1 Biblioteca de proximidade       |
| 30.000 / 50.000 habitantes                            | 1 Biblioteca central<br>1-2 Bibliotecas de proximidade      |
| 50.000 / 100.000 habitantes                           | 1 Biblioteca central<br>2-4 Bibliotecas de proximidade      |
| 100.000 / 200.000 habitantes                          | 1 Biblioteca central<br>4-6 Bibliotecas de proximidade      |
| + 200.000 habitantes                                  | 1 Biblioteca central<br>Mínimo 6 Bibliotecas de proximidade |

#### 4. ANÁLISE XERAL DE RESULTADOS

Nun nivel xeral, a situación das bibliotecas públicas de Galicia presenta aspectos que deben ser obxecto de mellora, co fin de lograr no conxunto dos concellos os valores que establecen os Estándares de bibliotecas públicas de Galicia.


Os espazos, os puntos de acceso informático e o persoal son os recursos que presentan un maior nivel de inadecuación. Pola contra, cabe destacar, a nivel cuantitativo, o elevado grao de adecuación aos Estándares dos fondos documentais, dos puntos de lectura e das horas de apertura.

A continuación, analízase a situación dos indicadores a nivel xeral.



##### Superficie



No ámbito de Galicia, a media de concellos que alcanzan unha adecuación alta no indicador superficie é dun 11%, o 21% media e o 68% dos concellos teñen unha adecuación baixa. Este baixa taxa de adecuación dos espazos bibliotecarios, provoca que moitas bibliotecas non poidan ofrecer aos usuarios a totalidade dos servizos ou que non alcancen a calidade necesaria.

Grandes cidades como Vigo, Ourense e Ferrol non logran os mínimos establecidos e a súa taxa de adecuación é baixa. Pola contra, A Coruña presenta unha taxa alta de adecuación.



Por provincias, o comportamento do indicador de superficie é moi similar nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, acadando porcentaxes de adecuación entre o 10% e o 17%, sendo Ourense a provincia con valores máis baixos de adecuación aos estándares.








### Fondo


Cerca do 90% das bibliotecas públicas de Galicia dispoñen dunha colección cuantitativamente adecuada respecto ao que establecen os Estándares, e unicamente un 3% presenta un baixo nivel de adecuación.

Como xa se dixo, é preciso ter en conta determinadas circunstancias que poden explicar por que se supera o 120 % de idoneidade: a atención á dispersión poboacional, a existencia de fondos patrimoniais ou de carácter local, bibliotecas que son receptoras do depósito legal etc.




Por provincias, a adecuación alta en canto ao fondo ronda o 90% nas da Coruña, Lugo e Pontevedra, sendo bastante inferior na de Ourense co 71% e un 7% de baixa adecuación fronte ao 2% da de Pontevedra e o 3% da Coruña e Lugo.









### Postos de lectura

Os postos de lectura, xunto coa colección e as horas de apertura, é un dos recursos mellor situados. Preto do 90% das bibliotecas públicas de Galicia teñen un nivel de adecuación alto respecto ao que establecen os estándares.




Por provincias dos concellos da Coruña e Ourense están por riba da media galega superando o 90% . A provincia de Lugo esta xusto na media galega e a de Pontevedra é a que conta cun porcentaxe menor, moi preto da media, cun 85%.







### Equipamento: PCs de uso público

Os puntos de acceso informático son, despois dos espazos, o recurso que presenta un maior déficit. Son poucos os concellos cun grao de adecuación alto (un 14%), e en cambio son considerables os que presentan un baixo nivel de adecuación (un 59%). En toda Galicia, poucas son as bibliotecas que acadan o estándar para este indicador.




Por provincias, a porcentaxe de adecuación alta é case similar nas catro, cunha taxa inferior ao 30%. As provincia da Coruña e de Lugo teñen unha taxa baixa adecuación, próxima ao 60%. Compre destacar que nas provincias de Ourense e de Pontevedra o que prevalece é o nivel de adecuación media, arredor tamén do 60%.









### Persoal

O 40% das bibliotecas de Galicia presentan un nivel de adecuación alto. O persoal é, despois dos espazos e o equipamento informático, o indicador que presenta unha porcentaxe menor de adecuación aos estándares.




Nas provincias da Coruña e de Pontevedra as cifras de adecuación están por debaixo da media galega: móvense arredor do 38%. As de Lugo e de Ourense superan a media.






### Horas de apertura

A maioría das bibliotecas públicas de Galicia cumpren ou superan o número de horas de apertura establecidas nos estándares. O indicador de horas de apertura é de forma destacada o ámbito cun nivel máis alto de adecuación, moi próximo ao 100%.



Por provincias, a porcentaxe máis baixa tena Lugo cun 91%. O resto das provincias igualan ou superan a media de Galicia, que é de 94%, con adecuación alta neste indicador.





Unha vez considerados os resultados, no ámbito xeral a situación bibliotecaria de Galicia presenta distintos aspectos:

1. Constátase un elevado grao de adecuación aos estándares no tocante aos fondos documentais, aos puntos de lectura e ás horas de apertura das bibliotecas. Esta conclusión debe ser adecuadamente contextualizada tendo en conta aspectos cualitativos significativos como a actualización e adecuación da colección, adecuación dos puntos de lectura ás diversas tipoloxías existentes, ou o número de horas de apertura en relación á cantidade de persoal e ao número de habitantes.
2. Os espazos, os puntos de acceso informático e o persoal son os indicadores que presentan unha maior marxe de mellora. Cómpre destacar que un 68% dos concellos teñen unha adecuación baixa na superficie bibliotecaria dispoñible e que un 34% de concellos non chega a cumprir os estándares no tocante ao persoal. Cómpre valorar tamén a calidade das instalacións, a formación e as categorías profesionais dos profesionais, aspectos fundamentais para dar un bo servizo bibliotecario. Tamén cómpre valorar, na sociedade da información na que vivimos, que só o 27% dos concellos teñan unha adecuación alta de equipos informáticos.

3. A comparación entre os puntos fortes e febles nos indicadores analizados pon de manifesto contrastes importantes, como por exemplo que a maioría das bibliotecas cunha superficie por debaixo do que establecen os estándares teñen un indicador alto na colección. O feito de que exista un gran número de bibliotecas que teñen un nivel alto de adecuación do fondo pero, á súa vez, teñen un nivel baixo de adecuación respecto aos espazos presenta unha imaxe do espazo bibliotecario como un lugar de acumulación de libros que non se axusta ao modelo de biblioteca pública actual e que non convida os usuarios a facer uso destes servizos. Por outra parte, o feito de que as horas de apertura sexan elevadas obriga a reflexionar sobre a necesidade de modificación da confección e organización dos cadros de persoal.

4. Unha biblioteca cunha superficie por debaixo do que establecen os estándares soe ter, a súa vez, déficit no resto dos recursos, xa que non hai espazo para darlles cabida.

## 5. CONCLUSIÓNS FINAIS

Para seguir avanzando na planificación estratéxica é necesario:

1. Actualizar periodicamente os estándares, o censo e o mapa de bibliotecas debido a que son ferramentas de mellora continua, logo teñen un carácter transitorio. De forma óptima debería actualizarse cada 4 anos.

2. Impulsar os programas funcionais na construción ou rehabilitación de bibliotecas como ferramentas de planificación para a creación ou mellora de destas e para aplicar os estándares ás necesidades de servizo da poboación. É moi recomendable que os proxectos se elaboren de forma conxunta por profesionais bibliotecarios e por arquitectos con experiencia neste tipo de construcións.

Sería importante que, ademais de lograr que as bibliotecas dispoñan de instalacións coa superficie necesaria para ofrecer servizos de calidade, contén coas condicións adecuadas de acceso, mobilidade, mobiliario, distribución dos espazos etc. que favorezan un ambiente confortable ademais da instalación adecuada dos equipamentos.

É especialmente importante deseñar unha correcta distribución dos espazos para que poidan atenderse de forma adecuada co mínimo de puntos de atención ao público, o cal reducirá o número de persoal indispensable e favorecerá a sustentabilidade do servizo unha vez entre en funcionamento (non é o mesmo unha biblioteca de 800 m<sup>2</sup> nun só andar que unha coa mesma superficie distribuída en 4 plantas; esta última necesita máis persoal).

3. Realizar estudos cualitativos e específicos das instalacións, das coleccións e do persoal, entre outros aspectos.

4. Introducir marcos de traballo común dos profesionais bibliotecarios galegos cunha metodoloxía participativa, como grupos de traballo, que contribúan a mellorar o sistema bibliotecario galego.

5. Destacar a necesidade de consensuar e documentar as políticas de desenvolvemento, xestión e avaliación das coleccións, que permitan, entre outras cousas, estudar e avaliar periodicamente o uso e a composición das coleccións segundo uns indicadores e criterios comúns.

6. Profesionalizar as bibliotecas mediante o recoñecemento da escala laboral que corresponde aos traballadores segundo o traballo que realizan e mediante a formación permanente destes.

7. Aprobar plans de investimento (ou específicos para instalacións, coleccións, persoal etc. ou territoriais para dotar dos mínimos recursos a un territorio concreto) para acabar cos déficits bibliotecarios, especialmente nas bibliotecas dos territorios máis pequenos, e para equilibrar o sistema bibliotecario galego.

Todos os obxectivos fixados hanse trasladar a unha estratexia de mellora das bibliotecas públicas, que realizará a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en coordinación coas diferentes administracións públicas titulares dos servizos bibliotecarios ofrecidos en toda Galicia, no prazo máximo de dous anos.

## 6. BIBLIOGRAFÍA

- Manifesto da UNESCO sobre a Biblioteca Pública, 1994. [S.I.]: UNESCO, [1997]
- IFLA. Directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas 2001. Dispoñible en: <http://rbgalicia.xunta.gal/gl/recursos-para-profesionais/declaracions-manifestos-e-pautas>
- Pautas sobre os servizos das bibliotecas públicas. Madrid: Ministerio de Ecuación, Cultura y Deporte, 2002. Dispoñible en: <http://rbgalicia.xunta.gal/gl/recursos-para-profesionais/declaracions-manifestos-e-pautas>
- Sistemas urbanos de bibliotecas. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, 2005. Dispoñible en: <http://rbgalicia.xunta.gal/gl/recursos-para-profesionais/declaracions-manifestos-e-pautas>
- Pautas para o servizo de acceso a Internet nas bibliotecas públicas. Madrid: Ministerio de Cultura, 2006. Dispoñible en: <http://rbgalicia.xunta.gal/gl/recursos-para-profesionais/declaracions-manifestos-e-pautas>